



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NÁUTICAS - AGANPLUS PARA A CREACIÓN E PROMOCIÓN DE CRUCEIROS COSTEIROS

XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Galega de Actividades Náuticas, AGANPLUS, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Galega de Actividades Náuticas para a creación de produtos turístico náuticos (minicruceiros costeiros) no destino Ares-Betanzos (A Coruña) e nos embalses de Castrelos de Mino e Frieira (Ourense – Pontevedra).

En concreto realizaranse as seguintes actividades:

- Desenvolvemento de cruceiros costeiros en novos destinos
- Campañas promoción online dos cruceiros costeiros
- Comercialización nacional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia é a axencia pública autonómica creada co obxectivo de im





pulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación Galega de Actividades Náuticas - AGAN+ é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en decembro de 1999 como primeira agrupación das empresas de actividades náuticas de Galicia e co ámbito de actuación de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os seus fins son os da promoción da cultura náutica, promover a desestacionalización da oferta e o crecemento e emprego no ecosistema turístico - náutico, o desenvolvemento do valor da conservación dos espazos naturais, a promoción do acceso ás actividades náuticas para todos os cidadáns, a promoción e acreditación das certificacións de calidade no sector náutico, poñer en funcionamento, promocionar e apoiar a comercialización de produtos de turismo náutico ofrecidos por empresas/profesionais ou territorios baixo uns estándares, converter ós municipios en destinos náuticos de calidade mediante unha estratexia de tematización, e a formación en temas relacionados co mar, a pesca e o medio ambiente mariño.

Así mesmo, a Asociación Galega de Actividades Náuticas - AGAN+, é o principal colaborador coa Xunta de Galicia, no desenvolvemento da marca de calidade europea náutica NEA (Nautismo no Espazo Atlántico) aplicada aos Cruceiros Costeiros, actuando como coordinador deste proxecto dende 2016 con Portos de Galicia e a Axencia Turismo de Galicia.

Por outro lado AGAN+ é a única asociación náutica de Galicia que ten participado en proxectos europeos dende o 2003 coas principais rexións náuticas europeas atlánticas, sendo a única entidade privada náutica de referencia en Galicia, que pode desenvolver e certificar a carta de calidade náutica NEA (Náutica no Espazo Atlántico).

Tamén é a única entidade de Galicia no ámbito da náutica galega que participa e foi seleccionada como xefe de fila e beneficiario nun proxecto do programa Interreg Galicia-Norte de Portugal, o denominado 217_ECDESTIN_3in, que a Axencia Turismo de Galicia considerou de interese mediante a sinatura da carta de apoio.





Asemade, é a única entidade náutica privada de Galicia que foi seleccionada para representar ao sector náutico de Galicia no proxecto CAPITEN pertencente a iniciativa comunitaria Interreg Espazo Atlántico, que é o principal proxecto náutico aprobado para as rexións do Atlántico europeo, sendo ademais a entidade seleccionada para coordinar a área de Cabotaxes Atlánticos (Paquete de traballo 7) para todos as 18 entidades, principalmente administracións rexionais, dos 5 países participantes.

Terceiro.- Este proxecto trata de promocionar as Rías e ríos Galegos como atractivo turístico internacional convertendo a Galicia nun destino náutico patrimonial, apoiando a través da difusión as rutas e itinerarios marítimos e fluviais con escalas de carácter estable e previsible, mediante o apoio aos minicruceiros costeiros que cumpran a carta de Calidade Europea Náutica NEA, establecendo as bases dunha estratexia para a súa comercialización nacional e internacional. Preténdese revitalizar o sector náutico que sufriu duramente o impacto da COVID 19. Este sector ten unha grande capacidade de arrastre para outras actividades turísticas do territorio dado que complementa os seus produtos con servicios turísticos como o aloxamento, a restauración, benestar, cultura, natureza, etc... reactivando zonas costeiras e fluviais, e apoiando o mantemento e a creación de emprego.

Cuarto.- Ao ser AGANPLUS a única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada, xa que é a entidade que contribúen de forma clara a valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial, o desenvolvemento do turismo costeiro e o rural, e a promoción internacional de Galicia e da Eurorexión como destino náutico e natural de costa e de interior e o desenvolvemento e posta en valor do patrimonio e dos produtos locais agroalimentarios das comarcas de interior galegas.

Que a través deste convenio, outórgase a AGANPLUS unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

galicia

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

